



ANA MARÍA RODRÍGUEZ RIVAS

XOSÉ TRAPERO PARDO

A CRÓNICA DUN SÉCULO

[XIV PREMIO LITERARIO ÁNXEL FOLE]



FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

1. OS DIARIOS CONTAN UNHA HISTORIA FAMILIAR

Hai que remontarse ós antepasados do noso protagonista para atopar unhas raíces que marcarían o desenrollo do seu carácter nos, polo menos, primeiros anos de existencia. Así, iremos ver unha mestura galego-castelán bastante significativa.

A provincia de Segovia veu nacer a varias xeracións de Trapero na liña sucesoria que nos interesa, ata chegar a Bernardo Trapero Arribas, pai do xornalista lucense e fillo, á súa vez, de Pedro Trapero Bravo e de Petra Arribas Olmos. Bernardo Trapero escribiría un diario, titulado *Cuaderno de apuntaciones de Bernardo Trapero Arribas*, que nos serve de inestimable referencia nesta narración. Nel conta cómo tralo falecemento do seu pai na localidade de Aguilafuente, Cuéllar, Segovia, o 6 de setembro de 1882 –en vida o avó de Trapero tamén fora destinado a Rubián como xefe de estación, principiándose, deste xeito, o asentamento en terras galegas dunha rama da familia¹–, Bernardo parte o 29 de outubro de 1891 a Villafranca del Bierzo, provincia de León, onde ingresaría catro días máis tarde na estación de ferrocarril ó servicio da Compañía de los Caminos de Hierro del Norte como empregado de mozo suplementario. Meses máis tarde, o 28 de abril de 1892 deixa esta localidade leonesa e parte para Pobra de Brollón, provincia de Lugo, onde se coloca como garda agullas auxiliar.

1. Rodríguez López, Manuel, *Trapero Pardo. Un lugués oriundo de Segovia*, Praza Maior, 2, 1 de novembro de 1986, pp. 8-9.

tamén, neste caso— e a plenitude da doutrina relixiosa. Nas cartas falan tamén de Florentino Trapero, o que máis tarde se convertería nun afamado escultor e artista en terras segovianas.

Respecto a esta etapa de intensivo aprendizaxe ó que se vía sometido, Trapero recoñecería que «O profesorado tratábame moi ben e o Latín era a miña asignatura preferida que serviu de base para adeprender francés, italiano, o portugués e ata o inglés».²⁰ O crego latinista Francisco Fanego, un dos mellores de Galicia nestes anos, exercera unha grande influencia nel como mestre. A súa estreita relación iría máis aló da etapa de Trapero como seminarista. De feito, nunha carta que lle envía o antigo mestre en 1925 fai referencia ós anos en que era discípulo seu:

[...] Al significarte mi profunda gratitud por tan delicado recuerdo, me es sumamente grato enviarte mi afectuosa felicitación con el sincero deseo de que llegues a obtener en breve plazo muchos y ruidosos triunfos en honrosas lides literarias.

Acepta, amigo Trapero, un fuerte abrazo de tu antiguo profesor, que siente legítimo orgullo de contarte en el número de sus más aventajados e inolvidables condiscípulos.²¹

20. Rodríguez López, Manuel. *Trapero Pardo. Un lugrés oriundo de Segovia*, Praza Maior, nº 2, 1 de novembro de 1986, pp. 8-9.

21. A carta ten data do 13 de abril de 1925, co gallo da publicación do libro de Trapero *El Mariscal Don Pedro Pardo de Cela. Leyenda acerca de su prisión y muerte*. Trapero enviáralle un exemplar a frei Fanego como regalo, segundo a documentación que se atopa na biblioteca do Museo Provincial de Lugo.



A uruguaiña Delia Caétano Núñez, a segunda dona de Xosé Trapero

Un defecto orgánico nas cordas vocais, como confesaría tempo despois, lle impedía falar alto e cantar. «Teño o galillo moi longo», diría, para xustifica-las súas visitas ás augas termais do balneario de Caldas de Reis, Pontevedra, con intención de curar, tamén, os seus bronquios.⁷⁶ Así é como poucos anos máis tarde, no verán do 52 –segundo o xornalista⁷⁷– esas visitas ó balneario de Caldas curaríaan, a lo menos, ó xornalista da súa soildade. Alí coñecería á que sería a súa segunda muller, Delia Caétano Núñez, que viñera a España nun grupo de profesoras comisionadas pola *Dirección General de Educación* de Uruguai. Trapero lembraría este primeiro encontro:

76. García Bayón, Carlos, *Diálogo pianísimo con don José Trapero Pardo en el bosque sagrado, augusto, latino y legionario de Lugo*, en *La Voz de Galicia*, 20 de marzo de 1991, páx. 28.

77. Rodríguez López, Manuel, *Trapero Pardo. Un lugués oriundo de Segovia*, Praza Maior, 2, 1 de novembro de 1986. Pp. 8-9.

Trapero, ó optar polo personaxe literario de Antonio Noriega Varela, amosa a súa diplomacia unha vez máis. Un home con tantos méritos recoñecidos, mestre de mestres, era tamén consciente de que o conformismo e a falta de loita activa polos ideais galeguistas que caracterizara o seu labor como xornalista outrora –durante o traballo no diario católico *La Voz de la Verdad* un dos temas que trata é o auxe do galeguismo dende o punto de vista da liña editorial dereitista–, xunto ó seu principio de escribir para o pobo deixárano, en cambio, ó marxe do aplauso dos ilustres académicos ata ese momento.

Pola contra, a Academia, fundada en 1906, tivera como precursores ós intelectuais rexionalistas, e o seu primeiro cometido fora a unificación e a normalización da linguaxe. As reivindicacións do movemento rexionalista, qué dúbida cabe, estiveran sempre en loita cos estados centralistas, en pro de acadar unha identidade propia para Galicia. Nem bargantes, a contribución de Trapero no reflexo desta mesma identidade só era comparable a algúns dos membros da Academia. El, que nunca se declarara galeguista, senón que admitiría: «Considero que o galego, polo mundo, debe ser galeguista no sentido "hispanista". Profundamente coñecedor de Galicia no bo e no malo, son galego de nación e de corazón»,⁸⁵ remata a súa intervención suxerindo un epitafio para o poeta amigo: «Antón Noriega Varela. Poeta. Amou. Sufriu. Cantou».

30.1. A resposta de Cunqueiro

É o seu antigo pupilo, Alvaro Cunqueiro, quen, tal como lle pedira o propio Trapero, responde «ao tan belido do recipiendario, no que tanto nos dixo sober Noriega Varela entre os poetas do seu tempo», ante a audiencia. E faino lembrando a súa nenez xunto ó *Cronista Oficial de la Ciudad de Lugo*:

85. Rodríguez López, Manuel, *Trapero Pardo. Un lugués oriundo de Segovia*, Praza Maior, 2, 1-11-1986. Pp. 8-9.

Cun repaso pola obra do xornalista lucense —«que en conxunto dá un retrato de Lugo»— Cunqueiro súmase ós eloxios feitos a Noriega Varela, o autor da «poesía máis fina e fonda», advertindo:

Poucos como Trapero Pardo poideron haber pronunciado o discurso que ficamos de oír. Poucos ou ningún. Porque coñeceu a Noriega Varela, que o respetaba, i a paisaxe de Noriega, dende Vilarente ao mar de Viveiro, e amou, como aquél que tivo unha musa quirouenta, isas voces antigas que predicaron do home e das idades do mundo. [...] Trapero fixónos ver a calidade poética de Noriega Varela, un dos grandes poetas galegos de todos os tempos, e asemade un poeta que deu unha ollada nova, cunha nova voz, cando se encara coa natureza.

Trapero, como xa vimos, non só fora amigo do *Poeta da Montaña*, senón tamén o seu director nos semanarios mindonienses, onde plasmaría as súas creacións de cotío.

O cronista ocuparía, dende entón, a butaca coa letra U da Academia. Na sesión que celebra a institución en xullo de 1982 sobre as normas ortográficas loitaría por manter a variedade lingüística do idioma dentro dunha normativa axeitada que permitise entenderse a tódolos galegos. O seu parecer non deixa lugar a dúbidas:

Hai que darlle unidade para entendérmonos todos sen caer no artificio. As linguas son algo vivo. Hai que ter moi-to ollo co que se está a facer. As liortas entre lingüistas e filólogos poden ser contraproducentes. Eu digo: nunca erra quen fala coma na súa terra.⁸⁶

Un refrán moi axeitado, neste caso, á linguaxe do autor.

Gil Merino diría que «Trapero asistía a tódalas reunions do Pleño da Academia, mentres llo permitiu a súa saúde. Durante anos foi o máis vello dos membros numerarios».

86. Rodríguez López, Manuel, *Trapero Pardo. Un lugués oriundo de Segovia*, Praza Maior, 2, 1-11-1986. Pp. 8-9.

- *El Progreso*: 12 de outubro de 1969.
 - *El Progreso*: 27 de novembro de 1984.
 - *El Progreso*: 5 de xullo de 1988.
 - *El Progreso*: 23 de febreiro de 1991, pp. 3-4.
 - *El Progreso*: 29 de xuño de 1994.
 - *El Progreso*: 6 de maio de 1995.
- FALCÓN, Pilar: *Mentras non se poda pasar por culpa dunha manifestación, non se pode falar de democracia*, entrevista a Xosé Trapero Pardo, *El Progreso*, 12 de abril de 1987.
- GARCÍA BAYÓN, Carlos: *Diálogo pianísimo con don José Trapero Pardo en el bosque sagrado, augusto, latino y legionario de Lugo*, en *La Voz de Galicia*, 20 de marzo de 1991, pág. 28.
- GAY PARGA, Tonina: *Cousas de Trapero Pardo a carón de "Cousas da nosa terra"*, 15 de maio de 1996.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Begoña: *Preto xa de 90 anos de Pelúdez*, *Lvcensia nº 10*. Biblioteca Seminario Diocesano, Lugo, 1995.
- Hemeroteca da Biblioteca Provincial de Lugo. Consulta de xornais orixinais.
 - Hemeroteca da Biblioteca Municipal Pena Trapero de Mondoñedo. Consulta de xornais orixinais.
 - Hemeroteca de *El Progreso*: Consulta de orixinais sobre *Pelúdez*.
 - *La Voz de Galicia: Publicación da Academia sobre Leiras Pulpeiro*, por José Trapero Pardo, 15 de maio de 1983.
 - *La Voz de Galicia: A Academia Galega homenaxeou ó poeta Leiras Pulpeiro en Mondoñedo*, 18 de maio de 1983, pág. 39.
 - *La Voz de Galicia*: 7 de novembro de 1991.
- LÓPEZ, Nazaret: *Anécdotas y recuerdos de los comienzos de un periodista de más de sesenta años en activo*, entrevista a Xosé Trapero Pardo, suplemento "El Cantón", *El Progreso*, 6 de maio de 1984, pp. 17-19.
- OSORIO, Olga: *"Todavía sigo trabajando porque si no me volvería loco"*, *El Ideal Gallego*, 26 de febreiro de 1995, pág. 20.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, Manuel: *Trapero Pardo. Un lugrés oriundo de Segovia*, *Praza Maior nº 2*, 1 de novembro de 1986, pp. 8-9.
- ROMERO, Santiago, e PEREIRO, X.M.: *Memorias del año Cero*, suplemento de *La Voz de Galicia*, sección "Sociedad", 31 de xullo de 1994, pp. I-II.